

**Resolución de 8 de novembro de 2010 pola que se modifican as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para a extensión de redes troncais de alta capacidade en poboacións rurais de Galicia, cofinanciadas con Feader, e se convocan as correspondentes ao ano 2010.**

Por Resolución de 29 de xuño de 2010, do director xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), aprobáronse as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para a extensión de redes troncais de alta capacidade en poboacións rurais de Galicia, cofinanciadas con Feader, e convócanse as correspondentes ao ano 2010 (D.O.G. nº 125, de 2 de xullo de 2010).

A presente modificación ten por obxecto contemplar a presentación de facturas electrónicas como documentos acreditativos do gasto, sempre que cumpran os requisitos exixidos para a súa aceptación no ámbito tributario, nos termos previstos no artigo 28.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, así como a posibilidade de presentar a conta xustificativa con informe de auditor segundo o previsto no artigo 50 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De conformidade co exposto, e no marco das competencias delegadas por acordo do Consello de Dirección de Agader do 21 de xuño de 2007,

**RESOLVO**

Modificar o artigo 23 das bases reguladoras que figuran como Anexo I da Resolución do 29 de xuño de 2010, do director xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para a extensión de redes troncais de alta capacidade en poboacións rurais de Galicia, cofinanciadas con Feader, e se convocan as correspondentes ao ano 2010.

No apartado II, que regula a conta xustificativa, engádese o seguinte párrafo:

“O beneficiario poderá presentar a conta xustificativa con informe de auditor, nos termos previstos no artigo 50 do regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, substituíndo a aportación de xustificantes de gasto e do pago por un informe de auditor de contas inscrito como exercente no Rexistro Oficial de Auditores de Contas, que será designado polo beneficiario. Neste caso, a conta xustificativa incorporará, ademais do referido informe, unha memoria económica abreviada que conterá unha relación dos gastos en que se incurriu na realización da actividade subvencionada, debidamente agrupados por conceptos subvencionables nos termos fixados na resolución de concesión e, de ser o caso, as cantidades

inicialmente orzadas e as desviacións acaecidas, así como acreditar o cumprimento do disposto no artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia. O informe do auditor terá por obxecto a comprobación da adecuación de toda a documentación acreditativa dos gastos e do seu pagamento á resolución de concesión, ás bases reguladoras, á convocatoria e á normativa de aplicación, en particular, a relativa ás condicións de elixibilidade das actuacións cofinanciadas con Feader, de acordo coas instrucións sobre xustificación das actuacións que a tal efecto dite Agader. O beneficiario porá a disposición de Agader ou dos órganos de control, cando así llo requiran, os documentos xustificativos do gasto e do pagamento da actuación obxecto de subvención”.

No apartado IV, que regula a xustificación dos investimentos, engádesse ao final do segundo párrafo o seguinte texto:

“A acreditación dos gastos tamén poderá efectuarse mediante facturas electrónicas, sempre que cumpran os requisitos exixidos para a súa aceptación no ámbito tributario”.

En Santiago de Compostela, a 8 de novembro de 2010

Asdo: Antonio Crespo Iglesias

Director xeral da Axencia Galega  
de Desenvolvemento Rural